

Instituto de Orballeira

Aos meus compañeiros na vida do Instituto. Sempre estades comigo.

Calan os rapaces o ár cala e lonxe cala o tempo primario
coma un orballo para sempre perdido nas arestas certas
da Capelada.

A aula é agora o lugar sagrado dun misterio alén nós
onde son posibeis contos cantos cavilacións, o ensoño
de Ortigueira.

Nen os nenos son eles nen eu o aburrido profè de latín,
senón oficiantes dun rito seguro alén da conciencia.
Perdémonos xuntos sos espallados polo indeciso aquí
entre meras, allures a soñarmos festas imposíbeis.

Que fame de viaxes, da viaxe total e absoluta, da aventura
onde encheremos das marabillas, baixo ceos de nós
matinados, soldados dunha anábase certa polo campo
arelado do lecer.

Soa o timbre e voltamos na desilusión do aquén. Rosa rosae.
Carpe diem. Logo son ollos de xiz, a monodia agatuñando
costas arriba do ensoño a penas albiscado.

Xiao Roel. Vigo 2004.